



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al incumplimiento de la Ley de Memoria Democrática en el Pazo de la Capitanía Marítima de A Coruña con el mantenimiento del nombre del «Salón de Honor TG Yagüe».**

La Ley 20/2022, de 19 de octubre, de Memoria Democrática establece en su artículo 1.3 el repudio y la condena del golpe de Estado del 18 de julio de 1936 y de la posterior dictadura franquista, en afirmación de los principios y valores democráticos y de la dignidad de las víctimas.

Como consecuencia de esta declaración, esta misma norma, en su artículo 35, regula la retirada de todo símbolo y elemento contrario a la memoria democrática o que impliquen la exaltación del franquismo. Así, considera elementos contrarios a la memoria las edificaciones, construcciones, escudos, insignias, placas y cualquier otro elemento de edificios o en la vía pública que conmemoren o exalten, de forma personal o colectiva, la sublevación militar y la Dictadura, o a cualquiera de sus dirigentes o participantes en la represión franquista.

Asimismo, se hace referencia expresa a que también tendrán esta consideración los nombres de calles, denominaciones de centros públicos u otros similares en los que se mantengan reconocimientos a eventos o participantes en la sublevación militar o en la posterior Dictadura franquista. Cabe destacar que se explicita la obligación de no dar visibilidad a retratos o manifestaciones artísticas de militares y de ministros asociados con el alzamiento militar o con el sistema represivo del Franquismo, que no podrán mostrarse en lugares como despachos, estancias de altos cargos ni en áreas de uso común o de acceso al público.

A continuación, la propia ley impone a las distintas Administraciones Públicas la obligación de adoptar, en el ejercicio de sus competencias y en su ámbito territorial, las medidas precisas para proceder a la retirada de esos elementos contrarios a la memoria democrática.



Sin embargo, tal y como ya puso de manifiesto el BNG en una iniciativa parlamentaria registrada en octubre de 2023, se mantienen referencias y menciones a destacados dirigentes y a eventos de la Guerra Civil en muchas de las dependencias de titularidad del Ministerio de Defensa en las ciudades de A Coruña y Ferrol.

Este es el caso del «Salón de Honor TG Yagüe», situado en el Pazo de la Capitanía de A Coruña, dependencia que sigue ostentando el nombre de un reconocido criminal de guerra, el llamado «Carnicero de Badajoz» por el asesinato de 4000 personas por el ejército franquista en la plaza de toros de esa ciudad. Pero no es solo que se mantenga la placa con el nombre, sino que se hace publicidad de este hecho, incluyendo la referencia a este salón en los anuncios referidos a las visitas al Pazo de la Capitanía.

En respuesta a la pregunta del BNG sobre el cumplimiento de la Ley de Memoria Democrática y la exigencia de retirar toda la simbología franquista, el Ministerio de Defensa dijo, con fecha de noviembre de 2023, estar desarrollando «las actuaciones necesarias para cumplir de manera efectiva con la legalidad vigente en materia de memoria democrática, dentro del ámbito de competencias propias de este». Sin embargo, hoy en día, casi tres años después, sigue manteniéndose la nomenclatura franquista citada, en vulneración de la Ley de Memoria Democrática, y haciéndose apología de esas figuras en la publicidad y en las visitas guiadas que se desarrollan en la Capitanía.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuál es la razón de que, a pesar de la obligación derivada de la Ley de Memoria Democrática que exige la retirada de toda simbología franquista, se siga manteniendo el nombre de «Salón de Honor Teniente General Yagüe» en una de las dependencias del Palacio de la Capitanía de A Coruña?
2. ¿Por qué no procedió a la retirada de esa placa y de toda referencia a la nomenclatura cuatro años después de la entrada en vigor de la Ley de Memoria Democrática?
3. ¿Es consciente el Ministerio de Defensa de que no solo no se ha procedido a la retirada, sino que se hace publicidad expresa de la posibilidad de conocer esa sala en los anuncios de visitas guiadas del Pazo de la Capitanía, lo que constituye una apología de un reconocido militar franquista y criminal de guerra?
4. ¿Qué acciones para la eliminación de la simbología franquista ha emprendido el



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Ministerio en sus dependencias sitas en las ciudades de Ferrol y A Coruña desde la entrada en vigor de la nueva Ley de Memoria Democrática?

En Madrid, a 23 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

07 ABR. 2026 20:51:53

Entrada **109064**

Sobre o incumprimento da Lei de Memoria Democrática no Pazo da Capitanía Marítima da Coruña

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao incumprimento da Lei de Memoria Democrática no Pazo da Capitanía Marítima da Coruña co mantemento do nome do “Salón de Honor TG Yagüe”**.

A Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática establece no seu artigo 1.3 o repudio e condena do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e a posterior ditadura franquista, en afirmación de principios e valores democráticos e a dignidade das vítimas.

Como consecuencia desta declaración, esta mesma norma, no seu artigo 35, regula a retirada de todo símbolo e elemento contrario á memoria democrática ou que impliquen o enalzamento do franquismo. Así, considera elementos contrarios á memoria as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas e calquera outro elemento de edificios ou na vía pública que conmemoren ou exalten, de forma persoal ou colectiva, a sublevación militar e a Ditadura, ou a calquera dos seus dirixentes ou participantes na represión franquista.

Así mesmo, faise referencia expresa a que tamén terán esta consideración os nomes de rúas, denominacións de centros públicos ou outros semellantes en que se manteñan recoñecementos a eventos ou participantes na sublevación militar ou na posterior Ditadura franquista. É de resaltar, que se explicita a obriga de non dar visibilidade a retratos ou manifestacións artísticas de militares e de ministros asociados co alzamento militar ou ao sistema represivo



do Franquismo, que non poderán mostrarse en lugares como despachos, estancias de altos cargos nin en áreas de uso común ou de acceso ao público.

A continuación, a propia lei impón a obriga ás distintas Administracións Públicas de, no exercicio das súas competencias e ámbito territorial, adoptar as medidas precisas para proceder á retirada deses elementos contrarios á memoria democrática.

Porén, tal e como xa puxo de manifesto o BNG nunha iniciativa parlamentar rexistrada en outubro de 2023, mantéñense referencias e mencións a destacados dirixentes e a eventos da Guerra Civil en moitas das dependencias titularidade do Ministerio de Defensa nas cidades da Coruña e Ferrol.

Este é o caso do “Salón de Honor TG Yagüe” sito no Pazo da Capitanía da Coruña, dependencia que sigue ostentando o nome dun recoñecido criminal de guerra, o chamado “Carnicero de Badajoz” polo asasinato de 4.000 persoas polo exército franquista na praza de touros desa cidade. Mais non é só que se manteña a placa con nome, senón que se fai publicidade deste feito, incluíndo a referencia este salón nos anuncios referidos ás visitas ao Pazo da Capitanía.

En resposta á pregunta do BNG sobre o cumprimento da Lei de Memoria Democrática e a exixencia de retirar toda a simboloxía franquista, o Ministerio de Defensa dixo, con data de novembro e 2023, estar desenvolvendo “as actuacións necesarias para cumprir de maneira efectiva coa legalidade vixente en materia de memoria democrática, dentro do ámbito de competencias propias deste”. Porén, a día de hoxe, case tres anos despois segue manténdose a nomenclatura franquista citada en vulneración da Lei de Memoria Democrática e facéndose apoloxía desa figuras na publicidade e visitas guiadas que se desenvolven na Capitanía.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cal é a razón de que, a pesar da obriga derivada da Lei de Memoria Democrática que exige a retirada de toda simboloxía franquista, se siga



mantendo o nome de “Salón de Honor Tenente Xeneral Yagüe” nunha das dependencias do Pazo da Capitanía da Coruña?

2. Por que non procedeu á retirada desa placa e de toda referencia á nomenclatura catro anos despois da entrada en vigor da Lei de Memoria Democrática?
3. É consciente o Ministerio de Defensa de que non só non se procedeu á retirada senón que se fai publicidade expresa da posibilidade de coñecer esa sala nos anuncios de visitas guiadas do Pazo da Capitanía o que constitúe unha apoloxía dunha recoñecido militar franquista e criminal de guerra?
4. Que accións para a eliminación de simboloxía franquista emprendeu o Ministerio nas súas dependencias sitas nas cidades de Ferrol e A Coruña desde a entrada en vigor da nova Lei de Memoria Democrática?

Madrid, a 23 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso